

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

1º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Comprender a importancia e apreciar o valor das manifestacións musicais de tradición oral entendendo a súa enorme diversidade e amplitude .
- Aportar criterios flexibles acerca do fenómeno musical con relación ós conceptos de sociedade e cultura.
- Proporcionar unha aproximación á etnomusicoloxía, a través do coñecemento do seu obxecto, corpus teórico, e metodoloxía, con vistas a incidir na apreciación musical das músicas de tradición oral.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Aproximarse ós estilos xeográficos e contextuais fundamentais dentro do plano global das músicas de tradición oral incidindo especialmente nas músicas cercanas de xeito que sexan quen de diferenciar características básicas mediante a escoita de audicións.
- Comprender a importancia da música como parte fundamental dunha cultura ou pobo determinado realizando asociacións entre música e sociedade.
- Introducir ó análise destas músicas coa limitacións que a súa amplitude supón .
- Empregar de forma axeitada o léxico necesario para referirse ós conceptos da materia con respecto a todo tipo de músicas.
- Utilizar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións...), noutras materias, ou ben a través da súa experiencia cotiá.

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- O entorno cultural da música folclórica. Tradición oral :significado e medios de transmisión.
- Parámetros analizables na música: Melodía, ritmo, estilo de canto, escala ...

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

- Maneiras de describir a música de tradición oral.
- A transcripción e a súa importancia nas músicas non escritas.
- A notación convencional e outros xeitos de escribir as músicas de tradición oral.
- A insuficiencia da notación convencional
- Rito, función e símbolo nas músicas tradicionais. Función e rito na música étnica. Música, maxia e sociedade. Pedagogía da música e significado da mesma na sociedade.
- Música popular e música culta: relación entre ámbalas dúas. A música popular e a súa proxección na culta occidental.
- Etnocentrismo occidental : a visión eurocéntrica da musicoloxía histórica
- A etnomusicoloxía: conceptos básicos e metodoloxía.
- Folclore, antropoloxía e etnomusicoloxía.
- Campos de estudio da etnomusicoloxía.
- Liñas de investigación en etnomusicoloxía e folclore.
- Enfoques etnomusicolóxicos cara á análise da música de tradición oral (Enfoques musicolóxicos , antropolóxicos ,biolóxicos e outros .
- Enfoques actuais da etnomusicoloxía
- Traballo de campo: fases da investigación
- A danza. Orixe. Especificidade metodolóxica do estudo, análise e interpretación dos bailes e danzas folclóricas. Temas, tipos e formas. Danza e rito. Evolución dos xéneros e formas de expresión.
- Introducción á organoloxía. Definición. Sistemas de clasificación: occidentais (Mahillon, Sachs e Hornbostel) e non occidentais (chinés e indio). Outras formas de clasificación: Schaeffner, Reinecke.

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Descricións de gravacións e de pezas escritas transcritas a partir de gravacións.
- Revisión dos principais signos diacríticos de notación en músicas de tradición oral.
- Funcionalidade na música: Alan P Merriam.
- Exemplificación a través da audición e o análise de diferentes obras.
- Debate sobre a forma de enfocar o estudio desta músicas.
- Debate sobre os campos de estudio da etnomusicoloxía.
- Breve introducción á historia da etnomusicoloxía
- Estudio dos novos traballos sobre música en ámbitos urbáns.
- Lectura e manexo de traballos de campo, artigos etc..sobre músicas de tradición oral

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Recoñecemento estilístico-xeográfico de músicas de todo o mundo a través de audicións e vídeos
- Lecturas de fragmentos e libros representativos, extraendo as ideas fundamentais.
- Realización de transcripcións de pezas en gravación
- Audicións comparadas.
- Realización de monográficos sobre unha cultura musical determinada .

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- escoita de fragmentos diversos contextualizando e localizando nun mapa.

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

- Recordar conceptos xeográficos culturais das diversas civilizacións do mundo.
- Realización de traballos escritos sobre diferentes artigos e lecturas dos contidos da materia, a ser exposto na clase, empregando os medios que considere oportunos para a súa elaboración e exposición..
- Realización dun caderno de pezas transcritas a partires de gravacións coa descrición de estilos.
- Preparación dun repertorio escollido en CDs, como mostra de diferentes culturas, con ou sen traballo explicativo que o acompañe.
- Exposición dos traballos na aula

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Interese pola audición de músicas pertencentes á estilos diferentes á propia e a súa contextualización antropolóxica.
- Actitude aberta ante o estudio doutras músicas e culturas diferentes ás máis próximas.
- Valoración da música e as manifestacións músico danzadas como parte da cultura dun pobo.
- Interese pola escoita de música de distintas épocas e repertorios, máis aló do que supón o repertorio do instrumento principal da súa especialidade.
- Interese por investigar e analiza-los motivos da evolución da música na sociedade.
- Reflexionar sobre os prexuízos xerados con respecto as músicas de tradición oral polas propias disciplinas musicais en Europa.

CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

- Debates sobre as concepcións eurocéntricas da música.
- Debate sobre a cientificidade de musicoloxía e etnomusicoloxía.

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

RECURSOS MATERIAIS

- Bibliografía básica.
- Equipo de son.
- INTERNET (Dadas as dificultades para manexar material bibliográfico e revistas sobre a materia é aconsellable que gran parte do traballo se faga neste medio polo que se considera IMPRESCINDIBLE a súa existencia na aula asignada)
- Ordenador e proxector
- Piano e encerado.
- Reprodutor de DVD
- Audicións musicais de música culta non occidental e da música tradicional de todo o mundo.
- CDs coas audicións tratadas.
- Vídeo, conectado ben ó monitor de televisor da aula, ou ben directamente ó proxector.

METODOLOXÍA

Organización temporal

A materia non se trata en ningún caso dunha disciplina complementaria , a proba é que será cursada nos catro cursos de que se compón a carreira. Unha organización xeral implicaría un curso , o presente, baseado na análise xeral das músicas de tradición oral , unha aproximación a etnomusicoloxía e un achegamento as músicas de tradición oral de todo o mundo para en cursos posteriores profundizar sobre as músicas de tradición máis cercanas a nós.

En primeiro lugar hai que recoñecer a enorme e inabarcable extensión no senso cualitativo e cuantitativo destas músicas xa que na realidade constitúen dende o punto de vista da porcentaxe a maior parte das músicas que existen sobre o planeta ,de feito para cada un dos estilos que se tratan atoparemos estudiosos que adicaron a súa vida a estudar un xénero ou cultura en concreto . O que se pretende e dar unas sinxelas coordenadas xeográfico-culturais e sobre todo analizar os diferentes enfoques que foron xurdindo dende a aparición da musicoloxía comparada ata os nosos día para o estudio destas músicas . Queda pendente para os cursos restantes,como xa se apuntou

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

anteriormente unha análise máis pormenorizada de músicas de tradición oral coa revisión e investigación correspondentes en un ámbito máis próximo como o galego e tamén o de músicas de tradición oral de España ou Europa.

Por tanto a organización temporal das clases debe combinar unha parte teórica moi importante –a que aparece nos contidos máis arriba- con outra na que por medio de gravacións , vídeos etc nos permite achegar ós alumnos a diversidade destas músicas e á súa importancia en calqueira sociedade.

Principios metodolóxicos

Por un lado temos a importante análise de textos e a elaboración persoal que leva a súa lectura o que se plasmará en diferentes traballos relacionados con aspectos teóricos fundamentais no estudo destas músicas .É moi importante que se adapten a un léxico moi particular e que estean ó día , xa que pola súa xuventude a etnomusicoloxía é unha disciplina moi cambiante e evoluciona demasiado rápido.Con respecto a esto hai que sinalar que o traballo en Internet e absolutamente imprescindible.

A parte práctica consistirá en análise auditivo de gravacións por un medio moi sinxelo e un achegamento as músicas tradicionais de todo o mundo.Cando sexa posible realizaranse transcripcións de pezas para poder analizar aspectos como escala , ritmo, estilo de canto etc... sen esquecer que a gravación é, nestas músicas, unha ferramenta máis axeitada que a partitura.

O traballo fundamental será feito de xeito individual pero será moi importante a participación en debates , transcripcións colectivas, comentarios e outras actividades de clase

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Establecer unha correspondencia sonoridade vocal e instrumental – cultura o etnia tratada, situándoa en coordenadas xeográfico temporais aproximadas no caso de culturas máis afastadas da tradición que lle es propia.
- Coñecer as principais culturas do mundo asociando as súas músicas cos seus patróns culturais básicos
- Comprender as características fundamentais do estudo das músicas de tradición oral a través da historia da etnomusicoloxía establecéndoas diversas relacións musicais-antropolóxicas que se foron xerando nesa disciplina.
- Coñece-las características metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, así como dos

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

conceptos básicos, e referirse a elas sendo capaz de establecer relacións de causa efecto, ou ben de evolución no pensamento musical e antropolóxico tratado.

- Definir, empregando un léxico apropiado, as características básicas de cada corrente estudada, así como dos conceptos descritos para a materia.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común, transcripcións, comentarios escritos, etc..
- Traballo individual baseado na investigación bibliográfica sobre unha cultura musical determinada titorizado polo profesor e exposto na clase dunha extensión mínima de trinta páxinas, sen contar imaxes , en tamaño de letra 12 Times ou similar e marxes non superiores a 3 cm no lado esquerdo e 2 cms no dereito, superior e inferior. Este traballo suporá o 25 % da nota.
- Traballo sobre artigos ou fragmentos significativos de textos a entregar en soporte informático .Se ponderará como 15 % da nota.
- Proba escrita ó final de cada cuadrimestre que inclúe comentarios sobre audicións .Suporá un 60 % da nota.

Os alumnos que obteñan de media menos de cinco puntos deberán de facer un exame no mes de setembro da mesma dificultade que os feitos durante o curso. O uso desta convocatoria non eximirá da entrega dos traballos arriba mencionados

Bibliografía

- New Grove Dictionary of Music and Musicians.** Ed Stanley Sadie Mc Millan Publishers 1980
- Cruces, F. e outros.: *Las culturas musicales.*** Ed. Trotta. Madrid, 2001
- Colección de monográficos** sobre diferentes culturas musicales del mundo(Ed.Akal – Músicas de mundo)
- Cámara de Landa, Enrique .*Etnomusicología*** Ed. ICCMU .Colección Música Hispana.Madrid 2002

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

- Díaz Viana, Luis.** *Música y Culturas.* Ed, Eudema antropología .Madrid 1993
- Bartòk, B.:** *Escritos sobre música popular.* Ed. Siglo XXI. México, 1979.
- Nettl, Bruno :** *Música folclórica de los países occidentales.* Ed. Alianza Música. Madrid 1985
- William P. Malm:** *Culturas Musicales del Pacífico, Cercano Oriente y Asia.* Alianza Editorial nº 23 Madrid, 1985.
- Curt Sachs :** *Musicología comparada* Eudeba .Buenos Aires 1966 .
- Crivillé , Josep:** *El folclore musical* Ed. alianza música. Madrid 1989.

Discografía básica

- **Les voix du monde“Anthologie des expressions vocales du monde “** (Le Chant du monde - Collection musee de l’homme)
- “Anthologie des instruments musicaux du monde”** (Le Chant du monde -Collection Musee de l’homme LDX. 274 675).
- Colección-Explorer Series** - Elektra-Nonesuch
- Colección Lomax** -Rounder
- Magna Antología del Folclore Musical Español** ,en Hispavox .Colección de discos reeditados en CD con unha coidada selección de música española

Internet

- <http://www.sibetrans.com>)
- <http://www.ethnomusic.ucla.edu>
- <http://www.indiana.edu>
- www.shef.ac.uk/music)

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

2º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Comprender a importancia das manifestacións musicais de tradición oral entendendo a súa diversidade e amplitude .
- Profundizar no coñecemento da disciplina etnomusicolóxica, a través do estudio do seu obxecto, corpus teórico e metodoloxía, con vistas a incidir na apreciación das músicas de tradición oral.
- Proporcionar unha aproximación ás manifestacións musicais das diferentes culturas de Europa, Asia, África e Sudamérica.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender a importancia da música como parte fundamental dunha cultura determinada, realizando asociacións entre música e sociedade.
- Introducir ó análise, o máis pormenorizado posible, das manifestacións musicais das diferentes culturas europeas (a Europa atlántica, Escandinavia e Europa oriental), asiáticas (India, China, Xapón, Bali e Java), africanas (Exipto e Marruecos) e sudamericanas.
- Empregar de forma axeitada o léxico necesario para referirse ós conceptos da materia con respecto a todo tipo de músicas.
- Empregar, de xeito autónomo e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos de xeito autónomo (lecturas, investigacións...), noutras materias, ou ben a través da súa experiencia cotiá.

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- A etnomusicoloxía: definición, antecedentes históricos, evolución teórica da disciplina.
- Enfoques etnomusicolóxicos cara á análise da música de tradición oral (perspectivas musicolóxicas, antropolóxicas, biolóxicas e outras).
- Análise dos diversos parámetros en música: melodía, ritmo, escala, estilo.

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

- A transcripción e a súa importancia. Diferentes metodoloxías. Notación convencional e non convencional. Insuficiencia da notación convencional.
- Traballo de campo: etapas da investigación. Formación do investigador. Factibilidade e proxecto. Documentación. Organización e presentación de materiais. Manexo de fontes.
- A música vocal nas diferentes culturas de tradición oral: significado e funcións. Análise formal. Conexións coa música vocal de outras culturas.
- A música instrumental das diferentes culturas de tradición oral: perspectivas organolóxicas. Significado e funcionalidade. Análise formal.
- O fenómeno *mouth music* ou canto silábico na tradición do occidente europeo.
- A música xudea europea.
- Música popular e música culta: relación entre ámbalas dúas no contexto das tradicións musicais da India, China e Xapón.
- A música do gamelán en Bali e Java. Conexións entre música e rito.
- A música na sociedade bereber: conexións entre canto, poesía e danza.
- A música en Exipto: confrontación entre tradición e occidentalización.

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Exemplificación a través da audición de diferentes obras.
- Análise de gravacións e pezas escritas transcritas a partir de gravacións.
- Lectura e manexo das diversas fontes dispoñibles (artigos, traballos de campo, etc.) sobre músicas de tradición oral.

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Recoñecemento estilístico das músicas de tradición oral obxecto de estudio no curso a través de audicións.
- Lecturas de fragmentos e libros representativos, extraendo as ideas fundamentais.
- Realización de transcripcións de pezas en gravación
- Audicións comparadas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización de traballos escritos sobre diferentes artigos e lecturas dos contidos da materia, a ser exposto na clase, empregando os medios que considere oportunos para a súa elaboración e exposición..
- Realización de traballos escritos sobre diferentes aspectos das culturas musicais estudadas, co asesoramento do profesor, que sirvan de profundización das cuestións tratadas na aula.
- Realización dun caderno de pezas transcritas a partires de gravacións, coa descrición de estilos..
- Preparación dun repertorio escollido de materiais sonoros das diferentes culturas estudadas, con ou sen traballo explicativo que os acompañe.

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Interese pola audición de músicas pertencentes á estilos diferentes ó propio.
- Actitude aberta ante o estudio doutras músicas e culturas diferentes ás máis próximas.
- Interese pola investigación e o análise dos diferentes aspectos das músicas de tradición oral.
- Reflexión sobre os prexuízos xerados con respecto ás músicas de tradición oral polas propias disciplinas musicais de Europa.

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

- Debates sobre a amplitude do obxecto de estudio da disciplina etnomusicolóxica en relación coa escasa repercusión que este traballo ten a nivel de publicacións.

RECURSOS MATERIAIS

- Bibliografía básica.
- Reproductor de CD y DVD.
- INTERNET (Dadas as dificultades para manexar bibliografía e discografía sobre a materia é importante que gran parte do traballo se faga neste medio, polo que se considera imprescindible a súa existencia na aula asignada)
- Ordenador e proxector
- Piano e encerado.
- Audicións das culturas musicais obxecto de estudio.

METODOLOXÍA

Organización temporal

- Se o primeiro curso da materia Música de Tradición Oral proporcionou ó alumnado as ferramentas básicas en análise xeral das músicas de tradición oral, así como unha aproximación á etnomusicoloxía e un achegamento ás músicas de tradición oral de todo o mundo, o segundo curso pretende profundizar nos aspectos teóricos tratados anteriormente, así como proporcionar unha visión o máis ampla posible dalgunhas das manifestacións musicais de tradición oral que teñen lugar nestes contextos xeográficos e a conseguinte imposibilidade de tratalas todas no espacio dun curso, realizouse unha selección dalgunhas das culturas máis accesibles en canto a información dispoñible. No contexto da música europea, trataranse as culturas musicais da beira atlántica (Escocia, Irlanda, Bretaña francesa), a música escandinava e as músicas da Europa oriental. No continente asiático trataranse as músicas da India e Nepal así como as culturas china, xaponesa e a música de Bali e Java. No contexto africano, serán obxecto de estudio as músicas de Exipto e Marruecos. Por último,

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

estudiaránse as músicas do contexto sudamericano. Todos aqueles aspectos que, por falta de tempo, non podan ser tratados na aula deberán ser obxecto de investigación por parte dos alumnos co asesoramento do profesor.

Queda pendente para cursos posteriores unha análise pormenorizada das músicas de tradición oral no ámbito galego e peninsular, así como un estudo das músicas no contexto urbano.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer as culturas musicais tratadas a través da análise das súas manifestacións musicais principais, asociando música con patróns culturais.
- Establecer comparacións entre manifestacións musicais de diversa índole, a través da análise dos seus principais parámetros, así como as conexións existentes entre músicas de tradición oral e música culta.
- Coñecer as características metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, así como dos conceptos básicos, e referirse a elas sendo capaz de apreciar a evolución no pensamento musical e antropológico.
- Definir, empregando un léxico axeitado, as características básicas de cada corrente estudada, así como dos conceptos descritos para esta materia.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as contribucións dos alumnos nos debates e postas en común, transcripcións, comentarios escritos, etc ...
- Traballo individual baseado na investigación a profundización nun aspecto determinado das culturas musicais obxecto de estudo, tutorizado polo profesor e exposto na clase. Este traballo suporá o 25% da nota.
- Traballos sobre artigos ou fragmentos significativos de textos. Ponderarase como 15% da nota.
- Proba escrita ó final de cada cuatrimestre que incluírá comentarios sobre audicións. Suporá un 60% da nota.

MATERIA: MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL

Os alumnos que obteñan de media menos de cinco puntos deberán de facer un exame no mes de setembro da mesma dificultade que os feitos durante o curso. O uso desta convocatoria non eximirá da entrega dos traballos arriba mencionados.

Bibliografía

Bartok, B.: Escritos sobre música popular. Ed. Siglo XXI. México, 1979.

Cámara de Landa, Enrique: Etnomusicología. Ed. ICCMU. Colección Música Hispana. Madrid, 2002.

Crivillé, Josep: El folklore musical. Ed. Alianza música. Madrid, 1989.

Cruces, F e outros: Las culturas musicales. Ed. Trotta. Madrid, 2001.

Díaz Viana, Luis: Música y culturas. Ed. Eudema antropología. Madrid 1993.

Malm, William P: Culturas musicales del Pacífico, Cercano Oriente y Asia. Alianza Editorial nº 23. Madrid, 1985.

Nettl, Bruno: Música folklórica de los países occidentales. Ed. Alianza Música. Madrid, 1985.

Sachs, C: Musicología comparada. Eudeba. Buenos Aires, 1966

Stanley Sadie ed.: New Grove Dictionary of Music and Musicians. McMillan Publishers. London, 1980.

-Colección Akal Músicas del Mundo.